

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7630 *Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

Os Estados modernos enfróntanse actualmente a diferentes desafíos que confiren á seguridade nacional un carácter cada vez máis complexo. Estes novos riscos xerados, en gran medida, pola globalización, e entre os que se contan o terrorismo internacional, a proliferación de armas de destrución masiva ou o crime organizado, súmanse aos xa existentes, dos cales o terrorismo tradicional viña sendo un expoñente.

Neste marco, é cada vez maior a dependencia que as sociedades teñen do complexo sistema de infraestruturas que dan soporte e posibilitan o normal desenvolvemento dos sectores produtivos, de xestión e da vida cidadá en xeral. Estas infraestruturas acostuman ser sumamente interdependentes entre si, razón pola cal os problemas de seguridade que se poden producir en cadea a través do propio sistema teñen a posibilidade de ocasionar fallos inesperados e cada vez máis graves nos servizos básicos para a poboación.

Ata tal punto é así que calquera interrupción non desexada –mesmo de curta duración e debida ben a causas naturais ou técnicas, ben a ataques deliberados– podería ter graves consecuencias nos fluxos de subministracións vitais ou no funcionamento dos servizos esenciais, ademais de provocar perturbacións e disfuncións graves en materia de seguridade, o que é obxecto de especial atención para o Sistema Nacional de Xestión de Situacións de Crise.

Dentro das prioridades estratéxicas da seguridade nacional encóntranse as infraestruturas, que están expostas a unha serie de ameazas. Para a súa protección faise imprescindible, por un lado, catalogar o conxunto daquelas que prestan servizos esenciais á nosa sociedade e, por outro, deseñar un planeamento que conteña medidas de prevención e protección eficaces contra as posibles ameazas sobre tales infraestruturas, tanto no plano da seguridade física como no da seguridade das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Nesta liña, emprendéronse diversas actuacións a nivel nacional, como a aprobación, pola Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, dun primeiro Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas, do 7 de maio de 2007, así como a elaboración dun primeiro Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas. Así mesmo, con data do 2 de novembro de 2007, o Consello de Ministros aprobou un Acordo sobre protección de infraestruturas críticas, mediante o cal se deu un impulso decisivo na dita materia. O desenvolvemento e aplicación deste acordo supón un avance cualitativo de primeira orde para garantir a seguridade dos cidadáns e o correcto funcionamento dos servizos esenciais.

Paralelamente, existen tamén unha serie de actuacións desenvolvidas a nivel internacional no ámbito europeo: tras os terribles atentados de Madrid, o Consello Europeo de xuño de 2004 instou a Comisión Europea a elaborar unha estratexia global sobre protección de infraestruturas críticas. O 20 de outubro de 2004 a Comisión adoptou unha comunicación sobre protección das infraestruturas críticas na loita contra o terrorismo, que

contén propostas para mellorar a prevención, preparación e resposta de Europa fronte a atentados terroristas que lles afecten. Con posterioridade, en decembro de 2004, o Consello aprobou o PEPIC (Programa europeo de protección de infraestruturas críticas) e puxo en marcha unha rede de información sobre alertas en infraestruturas críticas (Critical Infrastructures Warning Information Network-CIWIN).

Na actualidade, a entrada en vigor da Directiva 2008/114 do Consello, do 8 de decembro, sobre a identificación e designación de infraestruturas críticas europeas e a avaliación da necesidade de mellorar a súa protección (en diante, Directiva 2008/114/CE), constitúe un importante paso na cooperación nesta materia no seo da Unión. Na dita directiva establécese que a responsabilidade principal e última de protexer as infraestruturas críticas europeas corresponde aos Estados membros e aos seus operadores, e determínase o desenvolvemento dunha serie de obrigas e de actuacións polos ditos Estados, que se deben incorporar ás lexislacións nacionais.

As actuacións necesarias para optimizar a seguridade das infraestruturas enmárcanse principalmente no ámbito da protección contra agresións deliberadas e, moi especialmente, contra ataques terroristas, e resultan por isto lideradas polo Ministerio do Interior.

Porén, a seguridade das infraestruturas críticas exige prever actuacións que vaian máis alá da mera protección material contra posibles agresións ou ataques, razón pola cal resulta inevitable implicar outros órganos da Administración xeral do Estado, das demais administracións públicas, doutros organismos públicos e do sector privado. Estas infraestruturas críticas dependen cada vez máis das tecnoloxías da información, tanto para a súa xestión como para a súa vinculación con outros sistemas, para o cal se basean, principalmente, en medios de información e de comunicación de carácter público e aberto. É preciso contar, por tanto, coa cooperación de todos os actores involucrados na regulación, planificación e operación das diferentes infraestruturas que proporcionan os servizos esenciais para a sociedade, sen prexuízo da coordinación que exercerá o Ministerio do Interior en colaboración coas comunidades autónomas.

En consecuencia, e dada a complexidade da materia, a súa incidencia sobre a seguridade das persoas e sobre o funcionamento das estruturas básicas nacionais e internacionais, e en cumprimento do estipulado pola Directiva 2008/114/CE, cómpre elaborar unha norma cuxo obxecto é, por un lado, regular a protección das infraestruturas críticas contra ataques deliberados de todo tipo (tanto de carácter físico como cibernético) e, por outro lado, a definición dun sistema organizativo de protección das ditas infraestruturas que aglutine as administracións públicas e entidades privadas afectadas. Como peza básica deste sistema, a lei crea o Centro Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas como órgano de asistencia ao secretario de Estado de Seguridade na execución das funcións que se lle encomendan a este como órgano responsable do sistema.

A finalidade desta norma é, polo tanto, o establecemento de medidas de protección das infraestruturas críticas que proporcionen unha base adecuada sobre a cal se asente unha eficaz coordinación das administracións públicas e das entidades e organismos xestores ou propietarios de infraestruturas que presten servizos esenciais para a sociedade, co fin de lograr unha mellor seguridade para aquelas.

Sobre esta base sustentáranse o Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas (conforme a comunicación do Consello da Unión Europea do 20 de outubro de 2004, que sinala que cada sector e cada Estado membro deberá identificar as infraestruturas que son críticas nos seus respectivos territorios) e o Plan Nacional de Protección de Infraestruturas Críticas, como principais ferramentas na xestión da seguridade das nosas infraestruturas.

A lei consta de 18 artigos, estruturados en 3 títulos. O título I destínase ás definicións dos termos cuñados pola Directiva 2008/114/CE, así como a establecer as cuestións relativas ao ámbito de aplicación e obxecto. O título II dedícase a regular os órganos e instrumentos de planificación que se integran no Sistema de Protección das Infraestruturas Críticas. O título III establece, finalmente, as medidas de protección e os procedementos que deben derivar da aplicación da dita norma. Así mesmo, a lei consta de catro disposicións adicionais e cinco disposicións derradeiras.

Aínda que o contido material da lei é eminentemente organizativo, especialmente no concernente á composición, competencias e funcionamento dos órganos que integran o Sistema de Protección de Infraestruturas Críticas, así como en todo o relativo aos diferentes plans de protección, optouse por dotar esta norma de rango legal, de acordo co criterio do Consello de Estado, co fin de poder cubrir suficientemente aquelas obrigas que a lei impón e que requiren dunha cobertura legal específica.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten por obxecto establecer as estratexias e as estruturas adecuadas que permitan dirixir e coordinar as actuacións dos distintos órganos das administracións públicas en materia de protección de infraestruturas críticas, logo da súa identificación e designación, para mellorar a prevención, preparación e resposta do noso Estado fronte a atentados terroristas ou outras ameazas que afecten infraestruturas críticas. Para isto impulsárase, ademais, a colaboración e implicación dos organismos xestores e propietarios das ditas infraestruturas, co fin de optimizar o grao de protección destas contra ataques deliberados de todo tipo, para contribuír á protección da poboación.

2. Así mesmo, esta lei regula as especiais obrigas que deben asumir tanto as administracións públicas como os operadores daquelas infraestruturas que se determinen como infraestruturas críticas, segundo o disposto nas letras e) e f) do artigo 2 desta lei.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta lei, entenderase por:

a) Servizo esencial: o servizo necesario para o mantemento das funcións sociais básicas, a saúde, a seguridade, o benestar social e económico dos cidadáns, ou o eficaz funcionamento das institucións do Estado e as administracións públicas.

b) Sector estratéxico: cada unha das áreas diferenciadas dentro da actividade laboral, económica e produtiva, que proporciona un servizo esencial ou que garante o exercicio da autoridade do Estado ou da seguridade do país. A súa categorización está determinada no anexo desta norma.

c) Subsector estratéxico: cada un dos ámbitos en que se dividen os distintos sectores estratéxicos, conforme a distribución que conteña, por proposta dos ministerios e organismos afectados, o documento técnico que aprobe o Centro Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas.

d) Infraestruturas estratéxicas: as instalacións, redes, sistemas e equipamentos físicos e de tecnoloxía da información sobre os cales descansa o funcionamento dos servizos esenciais.

e) Infraestruturas críticas: as infraestruturas estratéxicas cuxo funcionamento é indispensable e non permite solucións alternativas, polo que a súa perturbación ou destrución tería un grave impacto sobre os servizos esenciais.

f) Infraestruturas críticas europeas: aquelas infraestruturas críticas situadas nalgún Estado membro da Unión Europea cuxa perturbación ou destrución afectaría gravemente polo menos dous Estados membros, todo isto consonte a Directiva 2008/114 do Consello, do 8 de decembro, sobre a identificación e designación de infraestruturas críticas europeas e a avaliación da necesidade de mellorar a súa protección (en diante, Directiva 2008/114/CE).

g) Zona crítica: aquela zona xeográfica continua onde estean establecidas varias infraestruturas críticas a cargo de operadores diferentes e interdependentes, que sexa declarada como tal pola autoridade competente. A declaración dunha zona crítica terá por obxecto facilitar a mellor protección e unha maior coordinación entre os diferentes operadores titulares de infraestruturas críticas ou infraestruturas críticas europeas

radicadas nun sector xeográfico reducido, así como coas forzas e corpos de seguridade do Estado e as policía autónomas de carácter integral.

h) Criterios horizontais de criticidade: os parámetros en función dos cales se determina a criticidade, a gravidade e as consecuencias da perturbación ou destrución dunha infraestrutura crítica avalíaranse en función:

1. Do número de persoas afectadas, valorado en función do número potencial de vítimas mortais ou feridos con lesións graves e as consecuencias para a saúde pública.
2. Do impacto económico en función da magnitude das perdas económicas e a deterioración de produtos e servizos.
3. Do impacto ambiental, degradación no lugar e os seus arredores.
4. Do impacto público e social, pola incidencia na confianza da poboación na capacidade das administracións públicas, o sufrimento físico e a alteración da vida cotiá, incluída a perda e a grave deterioración de servizos esenciais.

i) Análise de riscos: o estudo das hipóteses de ameazas posibles necesario para determinar e avaliar as vulnerabilidades existentes nos diferentes sectores estratéxicos e as posibles repercusións da perturbación ou destrución das infraestruturas que lles dan apoio.

j) Interdependencias: os efectos que unha perturbación no funcionamento da instalación ou servizo produciría noutras instalacións ou servizos, distinguíndose as repercusións no propio sector e noutros sectores, e as repercusións de ámbito local, autónómico, nacional ou internacional.

k) Protección de infraestruturas críticas: o conxunto de actividades destinadas a asegurar a funcionalidade, continuidade e integridade das infraestruturas críticas co fin de prever, paliar e neutralizar o dano causado por un ataque deliberado contra as ditas infraestruturas e a garantir a integración destas actuacións coas demais que procedan doutros suxeitos responsables dentro do ámbito da súa respectiva competencia.

l) Información sensible sobre protección de infraestruturas estratéxicas: os datos específicos sobre infraestruturas estratéxicas que, de se revelaren, se poderían utilizar para planear e levar a cabo accións cuxo obxectivo sexa provocar a perturbación ou a destrución destas.

m) Operadores críticos: as entidades ou organismos responsables dos investimentos ou do funcionamento diario dunha instalación, rede, sistema ou equipamento físico ou de tecnoloxía da información designada como infraestrutura crítica consonte esta lei.

n) Nivel de seguridade: aquel cuxa activación polo Ministerio do Interior está previsto no Plan Nacional de Protección de Infraestruturas Críticas, de acordo coa avaliación xeral da ameaza e coa específica que en cada suposto se efectúe sobre cada infraestrutura, en virtude do cal corresponderá declarar un grao concreto de intervención dos diferentes organismos responsables en materia de seguridade.

o) Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas: a información completa, actualizada, contrastada e informaticamente sistematizada relativa ás características específicas de cada unha das infraestruturas estratéxicas existentes no territorio nacional.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei aplicarase ás infraestruturas críticas situadas no territorio nacional vinculadas aos sectores estratéxicos definidos no anexo desta lei.

2. Exceptúanse da súa aplicación as infraestruturas dependentes do Ministerio de Defensa e das forzas e corpos de seguridade, que se rexerán, para efectos de control administrativo, pola súa propia normativa e procedementos.

3. A aplicación desta lei efectuarase sen prexuízo:

a) Da misión e funcións do Centro Nacional de Intelixencia establecidas na súa normativa específica, contando sempre coa necesaria colaboración e complementariedade con aquelas.

b) Dos criterios e disposicións contidos na Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, e normas de desenvolvemento desta, e na Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, reformada pola Lei 33/2007, do 7 de novembro.

c) Do previsto no Programa nacional de seguridade da aviación civil recollido na Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, e a súa normativa complementaria.

Artigo 4. *O Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas.*

1. O Ministerio do Interior, a través da Secretaría de Estado de Seguridade, será o responsable do Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas (en diante, o Catálogo), instrumento que conterá toda a información e valoración das infraestruturas estratéxicas do país, entre as cales estarán incluídas aquelas clasificadas como críticas ou críticas europeas, nas condicións que se determinen no regulamento que desenvolva esta lei.

2. A competencia para clasificar unha infraestrutura como estratéxica e, se for o caso, como infraestrutura crítica ou infraestrutura crítica europea, así como para incluíla no Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas, corresponderá ao Ministerio do Interior, a través da Secretaría de Estado de Seguridade, incluídas as propostas, se for o caso, do órgano competente das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía que teñan competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública en relación coas infraestruturas situadas na súa demarcación territorial.

TÍTULO II

O Sistema de Protección de Infraestruturas Críticas

Artigo 5. *Finalidade.*

1. O Sistema de Protección de Infraestruturas Críticas (en diante, o Sistema) componse dunha serie de institucións, órganos e empresas, procedentes tanto do sector público como do privado, con responsabilidades no correcto funcionamento dos servizos esenciais ou na seguridade dos cidadáns.

2. Son axentes do Sistema, coas funcións que se determinen regulamentariamente, os seguintes:

- a) A Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior.
- b) O Centro Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas.
- c) Os ministerios e organismos integrados no Sistema, que serán os incluídos no anexo desta lei.
- d) As comunidades autónomas e as cidades con estatuto de autonomía.
- e) As delegacións do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía.
- f) As corporacións locais, a través da asociación de entidades locais de maior implantación a nivel nacional.
- g) A Comisión Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas.
- h) O Grupo de Traballo Interdepartamental para a Protección das Infraestruturas Críticas.
- i) Os operadores críticos do sector público e privado.

Artigo 6. *A Secretaría de Estado de Seguridade.*

A Secretaría de Estado de Seguridade é o órgano superior do Ministerio do Interior responsable do Sistema de Protección das Infraestruturas Críticas Nacionais.

Para o desempeño do seu labor, o Regulamento de desenvolvemento desta lei determinará as súas competencias na materia, que exercerá coa asistencia dos demais integrantes do Sistema e, principalmente, do Centro Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas.

Artigo 7. O Centro Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas.

1. Créase o Centro Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas (en diante, o CNPIC) como órgano ministerial encargado do impulso, a coordinación e a supervisión de todas as actividades que ten encomendadas a Secretaría de Estado de Seguridade en relación coa protección das infraestruturas críticas no territorio nacional.

2. O CNPIC dependerá orgánicamente da Secretaría de Estado de Seguridade e as súas funcións serán as que regulamentariamente se establezan.

3. Sen prexuízo do disposto no número anterior, corresponderá ao CNPIC a realización de altas, baixas e modificacións de infraestruturas no Catálogo, así como a determinación da criticidade das infraestruturas estratéxicas incluídas nel.

Artigo 8. Ministerios e organismos integrados no Sistema de Protección de Infraestruturas Críticas.

1. Por cada sector estratéxico, designarase, polo menos, un ministerio, organismo, entidade ou órgano da Administración xeral do Estado integrado no Sistema. O nomeamento, alta ou baixa neste dun ministerio ou organismo con responsabilidade sobre un sector estratéxico efectuarase mediante a modificación do anexo desta lei.

2. Os ministerios e organismos do Sistema serán os encargados de impulsar, no ámbito das súas competencias, as políticas de seguridade do Goberno sobre os distintos sectores estratéxicos nacionais e de velar pola súa aplicación, actuando igualmente como puntos de contacto especializados na materia. Para isto, colaborarán co Ministerio do Interior a través da Secretaría de Estado de Seguridade.

3. Con tales obxectivos, os ministerios e organismos do Sistema desempeñarán as funcións que regulamentariamente se determinen.

4. Un ministerio ou organismo do Sistema poderá ter competencias, igualmente, sobre dous ou máis sectores estratéxicos, conforme o establecido no anexo desta lei.

Artigo 9. Delegacións do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía.

1. Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía terán, baixo a autoridade do secretario de Estado de Seguridade, e no exercicio das súas competencias, unha serie de facultades respecto das infraestruturas críticas localizadas na súa demarcación.

2. O desenvolvemento regulamentario das ditas facultades, en todo caso, incluírá a intervención, a través das forzas e corpos de seguridade, na implantación dos diferentes plans de protección específico e de apoio operativo, así como a proposta á Secretaría de Estado de Seguridade da declaración dunha zona como crítica.

3. Non obstante o disposto no número primeiro deste artigo, as comunidades autónomas con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de bens e persoas e o mantemento da orde pública desenvolverán, sobre as infraestruturas situadas no seu territorio, aquelas facultades das delegacións do Goberno relativas á coordinación dos corpos policiais autonómicos e, se for o caso, á activación por aqueles do plan de apoio operativo que corresponda para responder ante unha alerta de seguridade.

Artigo 10. Comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

1. As comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía que posúan competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública poderán desenvolver, sobre as infraestruturas situadas na súa demarcación territorial, as facultades que regulamentariamente se determinen respecto á súa protección, sen prexuízo dos mecanismos de coordinación que se establezan.

2. En todo caso, as comunidades autónomas mencionadas no número anterior participarán no proceso de declaración dunha zona como crítica, na aprobación do plan de apoio operativo que corresponda e nas reunións do grupo de traballo interdepartamental.

Así mesmo, serán membros da Comisión Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas.

3. As comunidades autónomas non incluídas nos números anteriores participarán no Sistema de Protección de Infraestruturas Críticas e nos órganos previstos nesta lei, de acordo coas competencias que lles recoñezan os seus respectivos estatutos de autonomía.

Artigo 11. *Comisión Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas.*

1. Créase a Comisión Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas (en diante, a Comisión) como órgano colexiado adscrito á Secretaría de Estado de Seguridade.

2. A Comisión será a competente para aprobar os diferentes plans estratéxicos sectoriais, así como para designar os operadores críticos, por proposta do grupo de traballo interdepartamental para a protección de infraestruturas críticas.

3. As súas funcións e composición serán as que regulamentariamente se establezan.

Artigo 12. *Grupo de Traballo Interdepartamental para a Protección das Infraestruturas Críticas.*

1. O Sistema contará cun Grupo de Traballo Interdepartamental para a Protección das Infraestruturas Críticas (en diante, o Grupo de Traballo), cuxa composición e funcións se determinarán regulamentariamente.

2. Corresponderalle, en todo caso, a elaboración dos diferentes plans estratéxicos sectoriais e a proposta á Comisión da designación dos operadores críticos por cada un dos sectores estratéxicos definidos.

Artigo 13. *Operadores críticos.*

1. Os operadores considerados críticos en virtude desta lei deberán colaborar coas autoridades competentes do Sistema, co fin de optimizar a protección das infraestruturas críticas e das infraestruturas críticas europeas por eles xestionados. Con ese fin, deberán:

a) Asesorar tecnicamente o Ministerio do Interior, a través do CNPIC, na valoración das infraestruturas propias que se acheguen ao Catálogo, actualizando os datos dispoñibles cunha periodicidade anual e, en todo caso, por requirimento do citado ministerio.

b) Colaborar, se for o caso, co Grupo de Traballo na elaboración dos plans estratéxicos sectoriais e na realización das análises de riscos sobre os sectores estratéxicos onde se encontren incluídos.

c) Elaborar o plan de seguridade do operador nos termos e cos contidos que se determinen regulamentariamente.

d) Elaborar, segundo se dispoña regulamentariamente, un plan de protección específico por cada unha das infraestruturas consideradas como críticas no Catálogo.

e) Designar un responsable de seguridade e enlace nos termos da presente lei.

f) Designar un delegado de seguridade por cada unha das súas infraestruturas consideradas críticas ou críticas europeas polo Ministerio do Interior, e comunicar a súa designación aos órganos correspondentes.

g) Facilitar as inspeccións que as autoridades competentes leven a cabo para verificar o cumprimento da normativa sectorial e adoptar as medidas de seguridade que sexan precisas en cada plan, solucionando no menor tempo posible as deficiencias encontradas.

2. Será requisito para a designación dos operadores críticos, tanto do sector público como do privado, que polo menos unha das infraestruturas que xestionen reúna a consideración de infraestrutura crítica, mediante a correspondente proposta, da cal, en todo caso, o CNPIC informará o operador antes de proceder á súa clasificación definitiva.

3. A designación como tales dos operadores críticos en cada un dos sectores ou subsectores estratéxicos definidos efectuarase nos termos que regulamentariamente se establezan.

4. Os operadores críticos terán no CNPIC o punto directo de interlocución co Ministerio do Interior no relativo ás súas responsabilidades, funcións e obrigas. No caso de que os operadores críticos do sector público estean vinculados ou dependan dunha Administración pública, o órgano competente desta poderá erixirse, a través do CNPIC, no interlocutor co Ministerio do Interior.

TÍTULO III

Instrumentos e comunicación do Sistema

Artigo 14. *Instrumentos de planificación do Sistema.*

1. A protección das infraestruturas críticas fronte ás eventuais ameazas que as poidan pór en situación de risco require a adopción e aplicación dos seguintes plans de actuación:

- a) O Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas.
- b) Os plans estratéxicos sectoriais.
- c) Os plans de seguridade do operador.
- d) Os plans de protección específicos.
- e) Os plans de apoio operativo.

2. O Ministerio do Interior, a través da Secretaría de Estado de Seguridade, elaborará o Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas, e este será o documento estrutural que permitirá dirixir e coordinar as actuacións precisas para protexer as infraestruturas críticas na loita contra o terrorismo.

3. Os plans estratéxicos sectoriais serán, así mesmo, elaborados polo Grupo de Traballo e aprobados pola Comisión, e incluírán, por sectores, os criterios definidores das medidas que se deberán adoptar para facer fronte a unha situación de risco.

4. Os plans de seguridade do operador e os plans de protección específicos deberán ser elaborados polos operadores críticos respecto de todas as súas infraestruturas clasificadas como críticas ou críticas europeas. Trátase de instrumentos de planificación a través dos cales aqueles asumen a obriga de colaborar na identificación das ditas infraestruturas, especificar as políticas que se van implementar en materia de seguridade delas, así como implantar as medidas xerais de protección, tanto as permanentes como aquelas de carácter temporal que, se for o caso, vaian adoptar para previr, protexer e reaccionar ante posibles ataques deliberados contra aquelas.

5. Os plans de apoio operativo deberán ser elaborados polo corpo policial estatal ou, se for o caso, autonómico, con competencia na demarcación, para cada unha das infraestruturas clasificadas como críticas ou críticas europeas dotadas dun plan de protección específico, debendo recoller as medidas de vixilancia, prevención, protección ou reacción que se deberán prestar, de forma complementaria a aquelas previstas polos operadores críticos.

6. O contido concreto e o procedemento de elaboración, aprobación e rexistro de cada un dos plans serán os que se determinen regulamentariamente.

Artigo 15. *Seguridade das comunicacións.*

1. A Secretaría de Estado de Seguridade arbitrará os sistemas de xestión que permitan unha continua actualización e revisión da información dispoñible no Catálogo por parte do CNPIC, así como a súa difusión aos organismos autorizados.

2. As administracións públicas velarán pola garantía da confidencialidade dos datos sobre infraestruturas estratéxicas aos cales teñan acceso e dos plans que para a súa protección deriven, segundo a clasificación da información almacenada.

3. Os sistemas, as comunicacións e a información referida á protección das infraestruturas críticas contarán coas medidas de seguridade necesarias que garantan a súa confidencialidade, integridade e dispoñibilidade, segundo o nivel de clasificación que lles sexa asignado.

Artigo 16. *O responsable de seguridade e enlace.*

1. Os operadores críticos nomearán e comunicarán ao Ministerio do Interior un responsable de seguridade e enlace coa Administración no prazo que regulamentariamente se estableza.

2. En todo caso, o responsable de seguridade e enlace designado deberá contar coa habilitación de director de seguridade expedida polo Ministerio do Interior segundo o previsto na normativa de seguridade privada ou coa habilitación equivalente, segundo a súa normativa específica.

3. As funcións específicas do responsable de seguridade e enlace serán as previstas regulamentariamente.

Artigo 17. *O delegado de seguridade da infraestrutura crítica.*

1. Os operadores con infraestruturas consideradas críticas ou críticas europeas polo Ministerio do Interior comunicarán ás delegacións do Goberno ou, se for o caso, ao órgano competente da comunidade autónoma con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública onde aquelas se sitúen, a existencia dun delegado de seguridade para a dita infraestrutura.

2. O prazo para efectuar a dita comunicación, así como as funcións específicas do delegado de seguridade da infraestrutura crítica, serán os que regulamentariamente se establezan.

Artigo 18. *Seguridade dos datos clasificados.*

O operador crítico deberá garantir a seguridade dos datos clasificados relativos ás súas propias infraestruturas, mediante os medios de protección e os sistemas de información adecuados que regulamentariamente se determinen.

Disposición adicional primeira. *Normativa e réxime económico aplicable á Comisión Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas e ao Grupo de Traballo Interdepartamental para a Protección das Infraestruturas Críticas.*

No non previsto nesta lei, observarase o disposto para o funcionamento dos órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, o funcionamento e os traballos da Comisión, así como do grupo de traballo previstos na presente norma levaranse a cabo con cargo ás dotacións orzamentarias e os medios persoais e tecnolóxicos do Ministerio do Interior, sen que supoñan incremento ningún do gasto público.

Disposición adicional segunda. *Clasificación dos plans.*

Os plans a que se refire o artigo 14 desta lei terán a clasificación que lles corresponda en virtude da normativa vixente na materia, a cal deberá constar de forma expresa no instrumento da súa aprobación.

Disposición adicional terceira. *Forzas e corpos de seguridade.*

As referencias efectuadas nesta lei ás forzas e corpos de seguridade inclúen, en todo caso, os corpos policiais dependentes das comunidades autónomas con competencias estatutarias recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública.

Disposición adicional cuarta. *Ceuta e Melilla.*

De conformidade co establecido nos estatutos de autonomía das cidades de Ceuta e Melilla, os consellos de goberno de ambas, de acordo coa delegación do Goberno respectiva, poderán emitir informes e propostas en relación coa adopción de medidas específicas sobre as infraestruturas situadas nelas que sexan obxecto desta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia atribuída ao Estado en virtude do artigo 149.1.29.^a da Constitución española en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Competencias en materia de protección civil.*

O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo do que estableza a normativa autonómica en materia de protección civil, de acordo coas competencias correspondentes a cada territorio en virtude do disposto nos correspondentes estatutos de autonomía.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante esta lei e os seus posteriores desenvolvementos regulamentarios incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/114/CE do Consello, do 8 de decembro, sobre a identificación e clasificación de infraestruturas críticas europeas e a avaliación da necesidade de mellorar a súa protección.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

1. Habilítase o Goberno para que no prazo de seis meses dite o regulamento desta lei.
2. Igualmente, habilítase o Goberno para modificar por real decreto, por proposta do titular do Ministerio do Interior e do titular do departamento competente por razón da materia, o anexo desta lei.
3. No ámbito das súas competencias, as comunidades autónomas poderán igualmente elaborar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

Sectorios estratéxicos e ministerios/organismos do sistema competentes

Sector	Ministerio/Organismo do sistema
Administración.	Ministerio Presidencia. Ministerio Interior. Ministerio Defensa. Centro Nacional de Intelixencia. Ministerio Política Territorial e Administración Pública.
Espazo.	Ministerio Defensa.
Industria nuclear.	Ministerio Industria, Turismo e Comercio. Consello de Seguridade Nuclear.
Industria química.	Ministerio Interior.
Instalacións de investigación.	Ministerio Ciencia e Innovación. Ministerio Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.
Auga.	Ministerio Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Ministerio Sanidade, Política Social e Igualdade.
Enerxía.	Ministerio Industria, Turismo e Comercio.
Saúde.	Ministerio Sanidade, Política Social e Igualdade. Ministerio Ciencia e Innovación.
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC).	Ministerio Industria, Turismo e Comercio. Ministerio Defensa. Centro Nacional de Intelixencia. Ministerio Ciencia e Innovación. Ministerio Política Territorial e Administración Pública.
Transporte.	Ministerio Fomento.
Alimentación.	Ministerio Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Ministerio Sanidade, Política Social e Igualdade. Ministerio Industria, Turismo e Comercio.
Sistema financeiro e tributario.	Ministerio Economía e Facenda.